

Quen somos?

Xabier Xil Xardón (Morgade, 1983). Publicou os poemarios *Cando menos a derrota* (2009), *Detéxtonos* (2018) e *O contaxio* (2019). Canda o Samuel L. París escribiu *Oceanografía de interior* (pararaparis.wordpress.com). Parte da súa obra apareceu en revistas, antoloxías e volumes colectivos, como Dorna, Letras Novas (2008), Premio da Universidade de Vigo (2006, 2008, 2011), *A cidade na poesía galega do século XXI* (2011) ou *13. Antoloxía da poesía galega próxima* (2017). Para alén de Fiinda, colaborou nos colectivos Redes Escarlata, Poetas da Hostia e Tristecentos versos.

Pablo Kaufmann (Thün, 1985) Comezou a súa traxectoria profesional con Deica Audiovisual, unha pequena produtora fundada en 2012. Alí tivo a oportunidade de medrar profesionalmente como director de fotografía e cámara, ademais de participar activamente no desenvolvemento de proxectos que van dende videoclips ou eventos a curtametraxes e longametraxes. Na actualidade compaxina o seu traballo como freelance para diversas produtoras coa implicación en proxectos como MIKA AUDIOVISUAL e AZO.

Miriam Rodriguez (Mos, 1984) Artista visual, traballa como realizadora dende o 2010. Ademais, vén participando desde entón en diferentes proxectos, desenvolvendo funcións diversas, como curtametraxes, videoclips e longametraxes. Gañadora en 2014 do Xuventude Crea de videocreación, actualmente traballa como manipuladora de vídeo en directo en performance, teatro e actuacións musicais. Xestiona MIKA AUDIOVISUAL.